

Traballo de apoio

Unidade 1

1. A partir da información que figura no tema, consulta aquelas situacións que se soen dar repetidas nas distintas cosmogonías.
2. Elabora unha redacción breve onde recollas características épicas do *Poema de Gilgamesh*.
3. Le o primeiro texto do *Poema de Gilgamesh* que atoparás no documento (texto *a*) na parte dedicada a Mesopotamia e comenta aquelas características épicas que máis che chamen a atención.
4. Le o resto dos textos (textos *b, c, d, e, f, g, h*) do *Poema de Gilgamesh* e sinala algúns recursos ou figuras.
5. Consulta en que literaturas influíu o *Poema de Gilgamesh* e por que.
6. Comenta algúns aspectos de contido dos textos 1,2,3 do *Poema de Gilgamesh* que figuran na Selección de textos (apartado número 3 da unidade 1, na parte final do documento).
7. Busca información sobre o *Himno a Atón* (texto número 5 da Selección de textos da unidade 1).
8. Cal é a temática do texto de Bartrihari (texto número 4 da Selección de textos da unidade 1)?
9. Busca información sobre o papel de Zaratustra con respecto ao *Avesta*.
10. Que supuxo, segundo a túa propia opinión, a aparición de Mahoma na literatura árabe?

Unidade 1. Respostas ao traballo de apoio

1. Dáse a figura do creador, o caos inicial, o proceso de creación (xenealoxía dos deuses, formación do universo, orixe do mal, orixe do máis alá). Como motivo especialmente recorrente aparece o diluvio, coa conseguinte repoboación do mundo, e esquemas parecidos do mundo de ultratumba.

2. Na épica do *Poema de Gilgamesh* danse os elementos fundamentais do xénero: o heroe coas peculiaridades físicas correspondentes (fermosura, valentía) e as virtudes espirituais e morais; a dimensión dramática propia de quen é fillo de deusa e mortal (no seu caso é un terzo humano, o resto é *divino*); as fazañas e aventuras que vai pasando, mesmo superando algunhas probas que se lle presentan; a presenza e intervención das divindades; ou aspectos máis formais e estilísticos como os elementos da oralidade, a súa versificación, os epítetos épicos, as fórmulas, as metáforas, comparacións, etc.

3. No texto (a) [tabl col 1 27-32] podemos observar certos trazos típicos dos poemas épicos: por exemplo, as invocacións encomiásticas do heroe, que aparece cos cualificativos máis eloxiosos: Gilgamesh aparece retratado como “extraordinario monarca, senlleiro, admirado”, “líder”. Así mesmo, faise o deseño cunha fórmula épica como “fillo de Uruk”. Tamén aparece definido neste ton propio da epopea a través de metáforas: el é “un touro que escorna”, “unha poderosa rede para protexer os seus homes”, “unha impetuosa onda capaz de derrubar mesmo muros de pedra”.

4. A particular *odisea* de Gilgamesh recóllese moi ben no texto (f): “fago unha longa viaxe”. En canto a recursos e figuras, saltan á vista as construcións formulares vinculados á oralidade do poema: no texto (b) “Uruk-a-cercada”, “Gilgamesh, perfecto en forza”; no (d), “Uruk, a de grandes prazas”; no (g), “Utnapishtim, o lonxano”.

As comparacións de Gilgamesh co mundo animal tamén son explícitas: no texto (c), “como un búfalo bravo”; no (e), “como unha aguia” ou “como unha leoa”. Tamén hai outras moi suxestivas e de gran plasticidade, como no (h): “o sono, como un veo de néboa, cubriuno”.

Exemplos de metáforas son as seguintes referidas a Khumbaba, o monstruoso Gardián do Bosque de Cedros, no texto (c): “É Khumbaba: o seu berro é o diluvio, as súa boca é lume, o seu alento é morte”.

5. O *Poema de Gilgamesh*, onde conflúen diversos ciclos míticos previos, presenta paralelismos e influencias con outras literaturas, por exemplo, a bíblica (Antigo Testamento), ou a grega, nomeadamente a épica homérica ou Hesíodo. Isto débese a certas analoxías ou parecidos do clima cultural desas áreas de Mesopotamia, Asia Menor, Grecia, derivados das relacións comerciais e os contactos entre elas.

6. No texto (1) da Selección ou antoloxía final do tema, pertencente ao *Poema de Gilgamesh*, destacan, resumidamente: o distanciamento do heroe (“aquele”) con relación ao narrador e destinatario, o ton de invocación, a consideración apoloxética do protagonista (coñecedor de todo, pleno de sabedoría, descifrador dos segredos, observador dos misterios), a localización xeográfica (Uruk), elementos descritivos da cidade, a alusión ao tema da viaxe e dos correspondentes traballos (“todos os seus esforzos”), a gravación dos mesmos mediante a escritura.

O (2) e o (3) céntranse no diluvio. O (2) conta cunha apelación personificadora (“paredes de canas”, “muro”) e céntrase nos preparativos para afrontar o terríbel temporal e conseguir a salvación: construción dun barco, para a cal se relata, con grande dinamismo descritivo, a colaboración da xente. O (3) presenta o diluvio e o

horror causado, mesmo entre as divindades. Destacan as comparacións. “deuses encollidos como cans”, o gran diluvio que “caeu como unha batalla”, ou a deidade Ishtar que bota o berro “cal muller no transo de parir”.

7. O *Himno a Atón*, texto correspondente ao Imperio Novo, foi esculpido nas tumbas reais e reflicte poeticamente a profunda reforma relixiosa que emprendeu Akhenatón (antes dela chamábase Amenofis IV). Ten un formato invocativo de oración e, como tal, presenta unha identificación apoloxética e laudatoria do deus “creador” cos valores da vida (luz, alegría, riqueza, felicidade); a súa ausencia identifícase coas “tebras” ou a morte. Hai dous elementos interesantes que se deixan ver no *Himno*: por unha banda, un predominio cósmico cunha base próxima a un esquema monoteísta (“único Deus, Ti que careces de igual...”), e por outra, unha concepción máis ben universalista (“Ti creas a vida de todos os pobos afastados...”). Estes aspectos serían os máis destacados e básicos na reforma relixiosa que inspirou este texto.

8. Bartrihari, do período posvédico, compuxo textos poéticos dun lirismo enorme. Case sempre breves, son como atmosferas de grande atractivo e sedución. Neste poema, o tema do amor vese moi ben logrado a partir dun clima que se constrúe con suxestións. Mediante unha serie de enumeracións, o poeta consegue trasladarnos ao poema: o ambiente erótico conectado co estío e, de fondo, “mozas de ollos de gacela”, unha expresión moi frecuente no autor, como a auga de sándalo.

9. Zaratustra ten o gran protagonismo no *Avesta*. Nel aparece como unha especie de celebrante de prácticas rituais. Chega incluso ao nivel divino, se temos en conta o contacto que ten con Ahura Mazda a través da conversa mantida con el. Ten unha dimensión heroica-épica no seu enfrontamento contra o espírito do mal. No *Avesta* fórmase unha concepción relixiosa de carácter monoteísta, oposta ás crenzas anteriores e asumida oficialmente nos tempos de Darío I. Tradicionalmente, tense atribuído a composición do *Avesta* a el, pero hai autores que non acreditan niso. Zaratustra pasou por diferentes interpretacións e “rostros”: sabio, astrólogo, mago... Le este pequeno fragmento de Nietzsche correspondente a *Así falou Zaratustra*:

«Preguntádesvos a miúdo: “Quen é Zaratustra para nós? Que nome lle debemos dar?” E vós mesmos dabádesme preguntas para contestar: “É un vendedor de promesas? Ou un cumpridor? Un conquistador? Ou un herdeiro? Un outono? Ou un arado? Un médico? Ou un sanador? Un poeta? Ou un home sincero? Un liberador? Ou un domador? Un home bo? Ou un home malo?”».

10. Con Mahoma supérase a “cultura do deserto”, o mundo que vivía a *qasida*, unha creación que non se deixou, pero que xa non sería igual. Mahoma incorpora outro universo, o do *Corán*. El é o profeta, e a través del é o propio deus quen dita “a recitación”. Esta obra, na cal os seus adeptos e seguidores recolleron a súa predicación, presenta uns versos de grande beleza formal. A partir dela, elaboráronse multitude de relatos, os chamados *hadices*, peza clave, xunto co propio *Corán*, do dereito islámico.